

LETRAS GALEGAS 2020:

A pesares de que a data de celebración das Letras Galegas trasladouse para finais de outubro, non podiamos deixar pasar sen máis este día tan importante para a nosa lingua e cultura.

Polo que dende o EDLG de Padres Franciscanos de Lugo propuxemos dúas actividades:

- "O noso libro favorito en galego"

Esta actividade estaba pensada para que todos os nenos e nenas do Colexio compartiran, como o seu nome indica, o seu libro favorito en galego. Para iso só tiñan que facerse unha [foto co seu libro ou conto](#).

- "Letras Galegas 2020"

Neste caso pedimos a colaboración de todo o profesorado. Esta actividade foi totalmente voluntaria e consistiu na [lectura duns textos](#) de Rosalía de Castro e de Carvalho Calero. A [gravación](#) foi soamente [en AUDIO](#).

Combinamos as imaxes dos nenos, co seu libro en galego, e a nosa voz de fondo nun vídeo que colgamos na páxina web.

Hai que destacar a colaboración de dous dos nosos compañeiros que quixeron aportar o seu talento tanto musical, nun caso, coma creativo, noutro.